

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.


A **excreción** é a eliminación das substancias de refugo do sangue grazas ao aparello excretor, as glándulas sudoríparas e os pulmóns.

O **aparello excretor** encárgase da eliminación da urina que se forma nos riles. A urina sae dos riles a través dos uréteres, chega á vexiga e sae ao exterior pola uretra.

As **glándulas sudoríparas** producen a suor, que é principalmente auga con substancias de refugo disoltas nela.

Os **pulmóns** encárganse de expulsar o dióxido de carbono.

1 O camiño que a urina segue desde a súa produción ata a súa expulsión está desordenado. Ordénalo.



2 As seguintes frases son erróneas. Esríbeas correctamente.

- A suor contén moi pouca auga.

- A excreción prodúcese no aparello excretor, glándulas verticais e intestino.

- O aparello excretor está formado polos riles, uréteres, páncreas e fígado.

- A expulsión do osíxeno prodúcese nos pulmóns.

- As glándulas sudoríparas producen urina.

- A excreción é a eliminación dos nutrientes do sangue.

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A **función de relación** permítenos percibir todo o que ocorre arredor de nós e reaccionar dunha forma adecuada. Nela interveñen os **órganos dos sentidos**, o **sistema nervioso** e o **aparello locomotor**.

1 Relaciona as dúas columnas.

- | | |
|------------------------|--|
| Órganos dos sentidos • | • Corremos para coller o autobús porque chegamos tarde. |
| Sistema nervioso • | • Oímos o timbre da porta. |
| Aparello locomotor • | • O cerebro dáse de conta de que vai frío e envía ordes aos músculos dos brazos para que poñamos o abrigo. |

2 Sinala as situacións en que intervén a función de relación.

- ☐ Comemos unha mazá.
- ☐ Acariñamos un coello e notamos a suavidade do seu pelo.
- ☐ Aceleramos para cruzar por un paso de peóns antes de que cheguen os coches.

3 Explica como se leva a cabo a función de relación neste proceso.
